XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

**Asunto: Contestación ao escrito presentado pola Universidade de Vigo durante o período de consulta previa da proposta presentada na Xunta de Galicia en relación á solicitude de recoñecemento dunha universidade privada nesta comunidade autónoma.**

Na sede electrónica da Xunta de Galicia do pasado 4 de outubro de 2018, tivo entrada a documentación correspondente á solicitude de recoñecemento da "Universidad Internacional de la Empresa", promovida pola Fundación Galicia Obra Social.

Durante o período comprendido entre o 16 de xaneiro á 30 de xaneiro do 2019 a Secretaría Xeral de Universidades a través do portal de transparencia da Xunta de Galicia, procedeu a facer unha consulta pública á cidadanía en xeral, co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 133 "de *participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei*", da Lei 39/2015, do 1 de decembro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Comunicación que ao mesmo tempo, se fixo persoalmente aos reitores das tres universidades do SUG.

A finalidade deste trámite de consulta é recadar opinión dos suxeitos e das organización mais representativas e afectados na comunidade autónoma, previo á elaboración do anteproxecto de recoñecemento como universidade privada.

Resultado desta consulta pública recíbese por portal de transparencia, escrito de alegacións de Miguel-Ángel Michinel Álvarez en representación da Universidade de Vigo.

En contestación a seu escrito de alegacións cabe dicir que:

1 - O artigo 133 foi enxuizado por STC 91/2017 en canto á cobertura competencial de previsións estatais relativas á participación cidadán durante a elaboración de calquera disposición administrativa. De este artigo, salvo o establecido no apartado primeiro, primeiro inciso e apartado cuarto, primeiro parágrafo, descende a cuestións procedimentais de detalle desbordando o ámbito do básico e vulneran por elo as competencias estatutarias das comunidades autónomas en relación coa elaboración das súas propias disposicións administrativas. En consecuencia, os restantes apartados do artigo son contrarios ao orde constitucional de competencias, resultando por elo inaplicables as comunidades autónomas.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Polo tanto, de acordo co establecido no capítulo II do título II da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, será nun momento posterior cando se publique na páxina web da consellería e se dea información pública do proxecto de lei e documentación anexa solicitada.

2 - A universidade solicita "*a retirada inmediata do proxecto Lei pola que se recoñece como universidade privada á Universidad Internacional de la Empresa con sede na Comunidade Autónoma de Galicia*". Non cabe atender a esta solicitude toda vez que a consulta pública levada a cabo no mes de xaneiro foi previa ao inicio dos tramites do expediente, e polo tanto carente dun Acordo da conselleira con competencias en materia de universidades no que se dispoña o inicio da elaboración do anteproxecto de lei.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

Miguel Angel Michinel Alvarez
Edificio Ernestina Otero – Campus Vigo
Universidade de Vigo